

BANDO

ESTA ALCALDÍA INFORMA QUE SE ABRE O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- FOGUEIRA DE **SAN XOÁN** ATA O VINDEIRO **XOVES 11 DE XUÑO.**
- FOGUEIRA DE **SAN PEDRO** ATA O VINDEIRO **MÉRCORES 17 DE XUÑO.**

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- NO REXISTRO DO CONCELLO DE MEAÑO OU A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

NORMAS A CUMPRIR Á HORA DE REALIZAR AS FOGUEIRAS:

- A Autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.
- Que a fogueira diste unha distancia mínima de 100 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Que as súas dimensións non superen unha altura de 5 metros de altura e 3 metros de diámetro.
- Que non se queimen residuos perigosos ou tóxicos tipo: neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.
- Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira.
- Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- Que a fogueira permaneza vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O solicitante será sempre o responsable por danos e prexuízos que a fogueira ocasiona.

Documento datado e asinado dixitalmente

